

# REGULAMENTO DA II CARREIRA POPULAR “O GALO CORRE” DE VILA DE CRUCES

**21 de Maio de 2017**

- 1- O Concello de Vila de Cruces, organiza a II carreira popular “O galo corre” de Vila de Cruces , que terá lugar o **21 de Maio**. Trátase dunha proba de carreira a pé non federada que contará co apoio técnico de EMESPORTS, que levará a cabo a cronometraxe da mesma.
- 2- As categorías nas que se poderá participar e a distancia a percorrer e horarios serán as seguintes:

Categoría	Ano de nacemento	Distancia	Horario
Chupete	2012 e posteriores	100 m.	12:40 H.
Pitufos	2010-2011	250 m.	12:30 H.
Benxamín	2008-2009	650 m.	12:15 H.
Alevín	2006-2007	650 m.	12:15 H.
Infantil	2004-2005	1.600 m.	12:00 H.
Cadete	2002-2003	1.600 m.	12:00 H.
Xuvenil	2000-2001	7.300 m.	11:00H.
Xunior	1998- 1999	7.300 m.	11:00 H.
Promesa	1995-1997	7.300 m.	11:00 H.
Senior	1982-1994	7.300 m.	11:00 H.
Veteran A	1972-1981	7.300 m.	11:00 H.
Veteran B	1962- 1971	7.300 m.	11:00 H.
Veteran C	1952-1961	7.300 m.	11:00 H.
Veteran D	1942-1951	7.300 m.	11:00 H.
Veteran E	Anteriores ó 1941	7.300 m.	11:00 H.

- 3- O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 18 de maio do 2017. Para facer a inscrición será necesario apuntarse antes de esa data na páxina [www.emesports.es](http://www.emesports.es) .
- 4- O prezo da carreira variará en función da categoría dos participantes sendo:
  - Gratuito: Cadete, infantil, alevín, benxamín, pitufos e chupete.
  - 7 Euros: de Categoría Xuvenil (incluída) en diante.
- 5- O prezo da inscrición inclúe:
  - Aluguer do chip de cronometraxe que se devolverá ó remate da proba.
  - Dorsal personalizado da proba.
  - Seguro de accidentes deportivo.
  - Servizo de ambulancia.
  - Regalo de participación na carreira popular de Vila de Cruces.
  - Avituallamento durante a carreira e o remate da mesma.

- A organización ofrecerá a posibilidade de ducharse no pavillón municipal de Vila de Cruces que está situado a 700 metros da saída. **42°47'29.5"N 8°09'56.4"W**
- 6- A saída da carreira e a chegada terá lugar na praza do Concello “Juan Carlos I”.  
**42°47'38.0"N 8°10'11.8"W**
  - 7- A organización habilitará unhas zonas donde os participantes poderán deixar as súas pertenzas durante a realización da proba, así mesmo, a organización non se fará responsable de calquera problema que ocorra nos espazos habilitados.
  - 8- Tódolos participantes polo feito de tomala saída, aceptan o presente regulamento e a cesión dos dereitos de imaxe (sen fins comerciais) á organización.
  - 9- O percorrido da carreira será polo casco urbano de Vila de Cruces; dito percorrido estará cerrado ó tráfico durante o periodo da mesma, aínda así, recomendamos a tódolos participantes presten atención por se algún vehículo salta calquera sinalización que estea colocada para o corte da circulación.
  - 10- A **II carreira Popular de Vila de Cruces “O galo corre”** contará con servizo de ambulancia para calquera incidente que se poida producir durante a realización da proba. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes. Recomendamos a tódolos participantes que se teñen alguna doenza ou limitación que poida requirir unha atención especial no desenvolvemento da proba o comuniquen á organización, de non facelo, as consecuencias serán sempre da súa responsabilidade.
  - 11- A tódolos participantes se lle dará o dorsal personalizado correspondente a súa categoría, que deberá colocar no peito de forma visible para súa identificación durante a proba e chegada. A recollida de dorsais farase o mesmo día da proba, o 21 de maio na praza do Concello “Juan Carlos I”, dende 1 hora antes do inicio de cada proba.
  - 12- Tódolos atletas dende a categoría benxamín, estarán identificados a través dun chip que se entregará en aluguer a cada participante e que deberán colocar nas zapatillas antes da saída. Chegar a meta sen CHIP será motivo de descalificación. Todos os participantes teñen a **obriga** de devolvelo ó finalizar a proba nos puntos sinalados ó pasar a meta.
  - 13- A organización colocará ó longo do percorrido puntos de control, os cales serán descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.
  - 14- A organización colocará un punto intermedio de posto de auga na carreira absoluta, e despois na chegada haberá froita e demais alimentos e auga para tódolos participantes.

15- A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e contratará outro de accidentes, pero cada participante, polo mero feito de formalizar a inscrición, faise responsable individualmente dos danos que cause no desempeño da actividade, sempre e cando esta non se realice nas condicións establecidas ou dentro dos circuitos delimitados. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse nas zonas nas que habilitará.

16- A entrega de trofeos fárase ó acabar tódalas probas.

- Os trofeos non serán acumulativos.
- Medallas para as categorías Chupete, pitufos, benxamín e alevín.
- Trofeo para os 3 primeiros homes e mulleres, da carreira Absoluta.
- Trofeo para os 3 primeiros de cada categoría é sexo.
- Haberá un obsequio especial para os primeiros atletas masculino e femenino da carreira absoluta.

13- O feito de inscribirse na proba suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento, polo que o descoñecemento do mesmo non exime do cumprimento.